



Concello de Vigo

Expte. 34455/220

ACTA MESA XERAL NEGOCIACIÓN COLECTIVA
SESIÓN EXTRAORDINARIA DATA 08.08.2019

Na sala de xuntas anexa ao Pleno, sita no primeiro andar da Casa do Concello de Vigo, e co consenso de todas as partes convocadas, iníciase a reunión da Mesa Xeral de Negociación Colectiva sendo as once horas e vinte minutos do día oito de agosto do ano dous mil dezanove, réunese en sesión extraordinaria a Mesa Xeral de Negociación Colectiva, notificada de xeito regulamentario aos membros da mesma, baixo a Presidencia de **D^a ELENA ESPINOSA MANGANA**, concelleira-delegada de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal por Resolución de Alcaldía de data 18.06.19, actuando como secretaria **D^a M^a Concepción Campos Acuña**, secretaria do Goberno Local, segundo a orde do día fixada pola Presidencia, coa asistencia das persoas que de seguido se relacionan:

PRESIDENTE DO COMITÉ DE PERSOAL

- D. Pergentino Martínez Pampillón

COMISIÓNS OBREIRAS (CCOO)

- D. Luís Alberto Riobó Veiga
- D^a M^a Concepción Cousiño Sendín

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)

- D^a Marta del Castillo Fernández Pacheco
- D. Juan José Santiago González

UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UXT)

- D. José Carlos Montemuiños Santos
- D^a Laura Ámez Muras

SINDICATO IND. DO CONCELLO DE VIGO (SICO)

- D. Santiago J. Martínez Pardo
- D. Abraham González Acea

- SINDICATO CSI-CSIF

- D. Jerónimo Fernández Vicente

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 08/08/2019-Expte. 34455/220





Concello de Vigo

Expte. 34455/220

Asisten tamén, de conformidade cos “*Criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación no Concello de Vigo*”, aprobados en Xunta de Goberno Local, sesión do 04/12/2015:

XEFA DE ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN

- D^a María Dapena Gómez
TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN RR HH
- D. Ezequiel Fernández Carpintero
TÉCNICA DE ADMON. XERAL RR HH
- D^a Beatriz Domínguez Pereira

Asiste tamén por parte da Intervención Xeral Municipal D^a Olga Gómez Corbal, viceinterventora do Concello de Vigo e como responsable presupostario, tesoureiro e director superior contable e orzamentario, D. Luís García Álvarez.

A presente reunión estaba prevista inicialmente para ás 10:15 horas, segundo a preceptiva orde do día remitida, nembargantes, por motivos institucionais convocouse novamente, co mesmo contido, para as 11:15 horas. Informouse deste cambio de hora mediante correo electrónico o mesmo día 08/0819, figurando na xestión de expedientes como trámite CRO, nº 95 do expte. 34455/220.

1.- CAPÍTULO I DOS ORZAMENTOS MUNICIPAIS 2020. EXPTE. 33833/220.

Abre o debate **A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA)** pedindo, en primeiro lugar, desculpas polo atraso da reunión, debido á visita do Ministro Ciencia e Tecnoloxía, a quen tivo que acompañar, circunstancia esta que lle obrigou a cambiar a súa axenda.

Indica que a finalidade do Punto único da orde do día é comezar coas negociacións sobre Capítulo I dos Orzamentos municipais para o ano 2020. En dito sentido lembra que estaba prevista unha reunión máis de carácter informativo hai uns días para presentar dúbidas que finalmente non se realizou. En todo caso, esta sesión será unha primeira toma de contacto que continuará con outra serie de reunións nos primeiros días do mes de setembro.

A continuación, limitarase a explicar as características principais do Capítulo I para o 2020, e, a seguir, abrirase unha quenda de intervencións para a presentación de distintas cuestións ás que tentará responder, senón se fará na seguinte convocatoria. Expón que é importante o incremento de case o 2,46% de retribucións para o persoal e tamén o incremento de cotizacións á Seguridade Social, en termos globais sería un 3%, pero dependerá das bases de cotización de cada persoa.

Como un tema de observación, aparecen tres programas que tamén se contemplaban os outros anos: EDUSI, Inserción laboral de mulleres vítimas de violencia de xénero e, o

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 08/08/2019-Expte. 34455/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2019 13:22

Páxina 2 de 11

Expediente 34455/220

CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Expte. 34455/220

terceiro, de experiencia laboral para menores de 35 anos, que dependen dunha concellería concreta pero que obrigatoriamente se incorporan a este orzamento.

Ao longo de exercicios anteriores xa se falou e se negociou para separar o cadro de persoal da XMU e do Concello, para o facer máis transparente e non ter que estar con continuas transferencias de partidas cando se produce algún cambio de organismo; este tema está practicamente pechado, agás por algunhas prazas que constan no segundo parágrafo da nota 1 que se lles entregou aos presentes. Isto non significa que algún traballador perda os seus dereitos, senón que é para tratar de ser máis transparentes e de encaixar a cada persoa dentro do posto que ocupa.

Sen máis, dá inicio a unha rolda de intervencións coa intención de ir respondendo logo ás distintas cuestións que se presenten.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Explica que non puido asistir á reunión pasada, pero que no Comité lle preguntaron polo funcionamento das convocatorias da Mesa de Negociación, e que cos criterios aprobados en Xunta de Goberno que ten da súa man, non foi quen de dar unha explicación razoable. Solicitaron que se inclúisen dous asuntos a maiores na orde do día, pero non se incluíron. Non coñecen a razón de que non sexa unha convocatoria ordinaria ou, polo menos, que se inclúisen asuntos que demanda a parte social e que afectan aos orzamentos: Fondo de adecuación 2019, que de se consolidar tería que repercutir nos Orzamentos do 2020, e os acordos sobre a Policía Local. Pregunta se se van tratar con posterioridade.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Responde que se trata de separar temas, de ser áxiles nas reunións e de centrar asuntos; do mesmo xeito que o outro día se fixo unha reunión polo asunto de bombeiros e non se meteu na mesma reunión, aquí igual, a idea é aprobar os orzamentos, dun modo independente, sen prexuízo doutras reunións por aspectos que lle poidan interesar ao Comité de Empresa. Tratou de transmitir así, pero sinte que non se lle entendese. A Mesa dos orzamentos é algo que ten vida propia, o que non significa que se realicen as reunións necesarias para tratar outros aspectos que lle poidan interesar ao Comité de Empresa.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Nesta situación concreta, entenden que o acordo sobre toma de coñecemento de amortización de prazas debería terse incluído na reunión de orzamentos de 2020, porque se non é así vólvese ao momento inicial, agás que haxa un financiamento adicional reflectido noutra partida. De ser así non terían problema.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Estes orzamentos recollen todos os acordos que existen, pero non poden recoller os que non existen, o que non significa que non se poidan sentar a falar todas as veces que sexa necesario. O que non está recollido nun acordo, non está recollido nestes Orzamentos. Pon o exemplo da OPE para o 2019, que nestes intres está en trámite na Intervención; este é un acordo aprobado recentemente. Na reunión anterior da Mesa á que se están a referir, se tratou só dunha toma de coñecemento dun informe, pero iso non foi un acordo.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): É unha cuestión de interpretación. Naquela Mesa de Negociación, presidida pola boa fe e a intención de negociar se nos presentou un documento para unha toma de coñecemento e sobre el se certificou un acordo que a parte sindical cre que no debería quedar en nada. Trátase do acordo sobre a amortización de 39 prazas, esa toma de coñecemento existe e está certificado. Todos os que estiveron na

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 08/08/2019-Expte. 34455/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2019 13:22

Páxina 3 de 11

Expediente 34455/220

CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Expte. 34455/220

reunión daquela Mesa entenderon que esas amortizacións eran para o financiamento do acordo da Policía.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Insiste en que defenderá calquera acordo que estea adoptado e agarda que se hai algún máis llo fagan chegar pero, cuestión distinta, son as intencións porque unha intención non é un acordo. En todo caso, logo sempre haberá a posibilidade de modificar os orzamentos. Afirmo que o 100% dos postos de traballo están incluídos nos orzamentos.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Afirmo que si que dispón do acordo no que a parte sindical acepta a amortización de 39 prazas para financiar ese teórico acordo da Policía Local.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Repite que está na disposición de falar dese tema, pero nada máis, e que logo se conta coa posibilidade de modificar os orzamentos, non hai problema.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Non é o mesmo que se nos dixo durante todo o ano. Aconsellóusenos que ese acordo estivese reflectido nos orzamentos, daí a nosa insistencia. Non ten sentido que nunha reunión da Mesa se inclúa un documento como toma de coñecemento, se adopte un acordo e a intención sexa non o levar a cabo. Houbo un acordo sobre esa toma de coñecemento e así se certificou, pero está claro que foi para nada. Non sei cal é o momento adecuado desa amortización, se non a vai haber ou non se vai recoller nos orzamentos.

SR. RIOBÓ VEIGA (CC OO): Indica que podería ser que nas seguintes reunións se poidan ir trasladando os posibles acordos.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Insiste na posibilidade de realizar outras reunións nas que non tería inconveniente en tratar o tema da Policía e, no seu caso, veríase a modificación dos orzamentos.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Non atopan o motivo de que a convocatoria sexa con carácter extraordinario e de que non se inclúan os asuntos propostos pola parte sindical.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Explica que existe normativa para convocar un tipo de sesión u outra. A última reunión convocouse de xeito extraordinario porque non se cumprían os días necesarios para convocar reunión ordinaria. Coñecen que existen eses prazos, e persoalmente realizou unha reunión informal cos representantes sindicais na que se falou doutra serie de reunións que habería que ter e, para iso, se deron datas estimadas e aproximadas. É consciente de que para esas reunións teñen que dispoñer da pertinente documentación .

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Dando por boa a convocatoria, só piden incluír os temas sinalados. Refírese ao tema da certificación da sesión extraordinaria do 25 marzo de informe de amortización e fai lectura literal da mesma, e indica que con ela se pretendía a amortización de 39 prazas para financiar o acordo da Policía Local e que así está certificado. Si houbo ese acordo e non se inclúe nos orzamentos, outra cousa non ten sentido.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 08/08/2019-Expte. 34455/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2019 13:22

Páxina 4 de 11

Expediente 34455/220

CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Expte. 34455/220

SRA. CAMPOS ACUÑA (SECRETARIA): Quere precisar que estamos a falar dunha certificación de toma de coñecemento da existencia dese informe, non consta na mesma ningún acordo sobre o fondo do asunto porque non se adoptou acordo en particular sobre a amortización que, de ser así, debería finalizar con votación de acordo ou non acordo e, aínda así, deberíase ser adoptado outro acordo polo órgano competente para tomar a decisión correspondente, ben Xunta de Goberno, Pleno ou, no seu caso, Resolución de concellería por delegación do Alcalde, que son os órganos que teñen atribuídas competencias de carácter resolutorio, necesario, en todo caso, para a efectividade do anterior acordo da Mesa, que é sobre a negociación. A Mesa é un órgano de negociación, non un órgano resolutorio con capacidade de decidir. Non se poden certificar intencións porque non o permite a lei.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): O que se está a dicir é que se trouxo á Mesa para nada.

SRA. CAMPOS ACUÑA (SECRETARIA): Iso tense que preguntar a quen o trouxo. A certificación di que a Mesa de Negociación tomou coñecemento dun informe, dese informe, pero nada máis.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Dun informe que certifica que se pretende amortizar un número de prazas para implementar un acordo de policía.

SRA. CAMPOS ACUÑA (SECRETARIA): A Mesa tomou coñecemento diso.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Parece que se está inventando, pero existe un informe que di que se pretenden amortizar prazas para financiar o acordo da Policía. A intención desa toma de coñecemento é amortizar unhas prazas para implementar un acordo. Se se trae algo coa "intención de", será para o levar a cabo.

SRA. CAMPOS ACUÑA (SECRETARIA): Di que non é ela a interlocutora e que de reproducir o que se está gravando, se dirá que se certificou o coñecemento dun informe.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): O equipo de goberno que trouxo esa proposta o fixo así para nos facer crer que iso sería posible, para non o levar a cabo. Se esa foi a intención, non é el quen está xogando a "trilero". Se alguén esta facendo desaparecer a bolíña non é el porque está o acordo que se levou á Mesa cunha intención.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Insiste en que se queren unha reunión para tratar o asunto da policía a terán, unha ou as que sexan necesarias.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Queremos que esa reunión vaia vinculada a orzamentos. A persoa que trouxo este asunto, que falaba no nome do equipo de goberno, á Mesa en marzo segue estando no goberno e pode verificar a información que estamos expoñendo nesta reunión. Non poden negociar orzamentos que non recollen acordos adoptados. Mentíuselle ao Comité, díxoselle unha cousa e se está a facer outra, fíxoselle crer mesmo na existencia dun informe externo; unha tomadura de pelo. O Comité non pode aceptar a negociación duns orzamentos que non recollen acordos aos que, entenden, se chegaron cos traballadores.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Pide que se retiren ás alusións a que "se lle mentiu ao Comité", porque as interpretacións poden ser erradas pero sen mala intención por algunha das dúas partes e iso non significa mentir.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 08/08/2019-Expte. 34455/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2019 13:22

Páxina 5 de 11

Expediente 34455/220

CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Expte. 34455/220

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Estase a dicir que houbo a intención, máis aló do que poida constar nun texto, de amortizar 39 prazas para implementar o acordo da Policía. Se non había esa intención se nos estaba mentindo, se a había, non entende que non se inclúa este asunto na reunión.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Insiste en que está disposta a manter as reunións necesarias para tratar o asunto da Policía.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Aínda que teñan vida propia, queredría incluír na reunión o tratamento deses dous puntos. Afirmar que lle é difícil de entender a regulación do Concello de Vigo sobre convocatorias de Mesa. Se lles debería aclarar por que non se queren incluír na orde do día eses dous puntos.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Dixo en numerosas ocasións que se ía realizar unha reunión de orzamentos, única e exclusivamente para ese tema e, tamén outras sobre temas de prevención, pero agardan á incorporación do persoal responsable porque está de vacacións; falouse de realizar reunións dos asuntos de bombeiros e tamén de policía, así como doutras que puidesen xurdir. Por iso non sabe por que agora se está cuestionando un tema diferente ao que se falou en dúas reunións pasadas.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Responde que poden falar por separado dos diversos temas, pero que o que non entenden é que os orzamentos vaian á marxe desas negociacións. Tratáronse os orzamentos nunha primeira toma de contacto, pero evidencia que faltan partidas, que se deberán incluír as necesarias para implementar o acordo plenario de 5 de abril de 2018 e non entenden que non se queira facer. Pregunta se se van incluír xa en orzamentos 2020, xa que fan de seu a petición do Alcalde naquel Pleno instando ao goberno da Nación a incluír nos Orzamentos xerais do Estado a adecuación retributiva das policía nacionais e os gardas civís cos mossos de esquadra, pero parece que no seu Concello non se quere facer; non entendemos o criterio.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Ninguén dixo que non se quixera facer, son palabras de seu, ou polo menos pola súa parte.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Se efectivamente se vai incluír en orzamentos, asume que se está a equivocar. Pregunta se se vai incluír ou non en orzamentos.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Non vai contestar por non se repetir; cre que foi clara nas súas explicacións.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Quedoulle claro que se pretende aprobar os orzamentos sen incluír esas partidas e nun futuro modificar os orzamentos para incluír o acordo. Piden que se inclúa en orzamentos, igual que o fixo o Alcalde para os Orzamentos Xerais do Estado; fan de seu a petición do alcalde. É un acordo, intención ou nada, pero debe estar recollido en orzamentos porque senón o outro acordo non ten vida. Non saben que se pretende negociar xa que se nos di que os orzamentos non van avalar ese acordo de ningún xeito, non van estar de acordo. Queren que se lles diga se os orzamentos, e parece que se dixo que non, que será nun futuro, recollen o acordo da policía, senón non van estar conformes porque cando se tratou na anterior Mesa pensaban que se estaba a falar dun acordo, dunha intención e de querer facer as cousas, pero agora nos atopamos que non hai ren de ren. Igualmente consideran que o Fondo de adecuación retributiva do 2019, debería recollerse no Orzamento do 2020 .

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 08/08/2019-Expte. 34455/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2019 13:22

Páxina 6 de 11

Expediente 34455/220

CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Expte. 34455/220

A continuación A PRESIDENCIA dálle á palabra ao responsable presupostario, tesoureiro municipal e director superior contable e orzamentario, D. Luís García, para a explicación e resposta ás preguntas feitas.

SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO): Cando se produzan os acordos que supoñan compromisos incorporaranse aos orzamentos así será, pero de todos os xeitos, pola vía de sucesivas adecuacións se incrementou a partida en torno a un millón de euros, fóronse subindo específicos por riba do que marcan as leis de orzamentos. Por outra banda, calquera modificación fóra do marco normativo non se pode incluír, no seu momento haberá un instrumen80to que contemple o 2,49%, debe estar nese marco, conforme cos criterios legalmente establecidos.

A fundamentación dunha modificación debe ser técnica e esa posibilidade ten que estar amparada nun informe técnico, non sei se interno ou externo, debería ser externo, e cando iso exista sería o momento de introducir a modificación, polo que non se podería incluír unha partida específica en orzamentos e require na documentación do orzamento un informe legal sobre o dito extremo, para amparar a excepcionalidade ante posibles contenciosos porque sabemos que hai sentencias anulatorias. Segue explicando que no seu momento el mesmo emitiu un informe sobre a marxe para se mover. Non hai ninguén nesta Mesa que puidese xustificar esa amortización de postos de traballo para dotar unha partida, en base a que motivación, pregunta. Só se non se necesitaran os recursos, se houbera un informe dos xefes de servizo dicindo que non se necesitan esas prazas para facer eficientes os recursos públicos. A amortización de prazas é un tema distinto de amortizar para dotar algo que non ten informe técnico que o xustifique. Trátase dun procedemento complexo que precisa dun camiño técnico e legal que se debería iniciar cunha valoración xustificando que se dan esas condicións excepcionais en base a unha maior responsabilidade, complexidade, penosidade.... Ese informe non o temos, haberá que solicitalo e cando chegue o momento se fará. Tamén aclara que en calquera momento pode o Pleno adoptar un acordo de modificación de cadro de persoal cos mesmos requisitos de aprobación dos orzamentos. Lembra que o Alcalde pretendía que a igualdade fose a equiparación da Policía Nacional e Garda Civil con Mossos de Esquadra e, engade que a nosa policía ten uns salarios bastante superiores aos que tiña a Policía Nacional.

SR. MONTEMUIÑOS SANTOS (UXT): Existe un acordo plenario de abril de 2018, ratificado noutro acordo plenario de abril de 2019 por unanimidade de todos os membros da Corporación; son dúas ratificacións. Como dixo o tesoureiro, é unha cuestión de vontades; ten que haber vontade por ambas partes. A cuestión é que ao longo do 2018 se presentaron distintas alternativas para conseguir ese acordo da Policía, falouse coa parte de xestión contable, con RR HH e ao final o que se presentou foi a amortización de prazas

SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO): Fai a corrección de que só se convirte nunha cuestión de vontade, cando haxa unha fundamentación xurídica e técnica.

SR. MONTEMUIÑOS SANTOS (UXT): Dá a impresión de que que ao final para 2020 tampouco se vai contemplar. Aquí fálase de contratar unha empresa externa para a elaboración do informe, pero o que parece é que estiveron xogando con nós de mala maneira.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 08/08/2019-Expte. 34455/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2019 13:22

Páxina 7 de 11

Expediente 34455/220

CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Expte. 34455/220

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Coma paréntese, a Sra. Dapena Gómez pode achegar información a día de hoxe sobre o expediente de contratación das empresas, e a emisión de informes ao respecto, apuntar que, ademais, buscáronse empresas con experiencia noutros concellos que poidan facer o estudo.

SRA. DAPENA GÓMEZ (RR HH): Hai un expediente aberto para a realización dun contrato menor de asistencia técnica que nos permitirá contar cun informe, pero cunha nova Corporación e os pertinentes cambios nas delegacións de competencia atrasouse un pouco; solicitouse algún orzamento máis para contar cun bo equipo que utilice a mellor metodoloxía nun tema tan complexo coma este. Fíxose unha modificación para ter crédito orzamentario. Sinala que no mes de setembro poderíamos estar en condicións de adxudicar un contrato que nos permita realizar o estudo deste tema.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Sobre o Fondo de adecuación no houbo acordo, pero si foi dotado orzamentariamente no 2019. Pregunta concretamente que se de haber acordo, si non debería vir recollido o incremento que supón nos orzamentos do 2020.

SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO): Se hai acordo, evidentemente si.

SRA. DAPENA GÓMEZ (RR HH): Puntualiza que ese expediente rematou sen acordo en canto ao Fondo de adecuación retributiva.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Aínda que non houbo acordo en canto ao documento que se trouxo á Mesa, o concelleiro dixo que igualmente o ía aplicar.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): A iso non pode responder, porque non estaba, pero se compromete a mirar ese asunto para a próxima reunión.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Explica que o Fondo de adecuación é de 220.000 euros, cantidade que parece que está para os traballadores, pero que volve non estar.

SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO): Un Fondo de adecuación, cando se adoptan os acordos, pasa a formar parte dos orzamentos do ano seguinte. Se hai un acordo de aplicación do Fondo de adecuación terá impacto nos seguintes orzamentos e devengará a partir do momento no que se adopte o dito acordo.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Son os orzamentos do 2020 os que se están a negociar e entenden a urxencia por tema de prazos. Insisten en que propuxeron incluír na orde do día da Mesa o Fondo de adecuación porque cren que debe ser negociado se queren que teña impacto e porque senón o van perder, pero a sorpresa foi que non se incluíu. Entenden tamén que se se inclúe unha proposta é porque está avalada por informes técnicos. Solicitarán outra Mesa coa mesma urxencia para o asunto da Policía.

SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO): Indica que non sabe se nestes momentos hai algún posto no cadro de persoal que requira a previsión, o que non quere dicir que concorran as circunstancias para aplicar ese Fondo.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Non saben se concorren ou non esas circunstancias, pero si que pola parte política se lles presentou unha proposta que dicía que estaba avalada por informes técnicos, e por iso entenden que concorren esas circunstancias. De aí a reiteración da importancia de telo incluído na orde do día desta Mesa, senón solicitarán outra reunión xa que se trata dun punto moi importante. En canto

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 08/08/2019-Expte. 34455/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2019 13:22

Páxina 8 de 11

Expediente 34455/220

CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Expte. 34455/220

ao tema da Policía explica que se deron varias reunións e, se efectivamente non existía o informe técnico, esa garantía legal, teñen que cuestionar a intención política.

SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO): Unha cousa é concretar a cantidade, pero á marxe diso, hai que iniciar o camiño para o facer posible legalmente. Sempre dixemos que tiñan que concorrer as circunstancias de excepcionalidade e singularidade, el mesmo o dixo por escrito, incluíndo a consideración de que non concorren. Se hai un informe técnico que o xustifique se pode levar a cabo, se non o hai... Primeiro, facer o expediente fundamentándoo xuridicamente, e a partir de aí virán os acordos políticos.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): O expediente 31799/220 creouse no mes de maio de hai un ano, ten 324 trámites, se con todo iso non se foi capaz de ver a legalidade do mesmo é que algo pasa.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Estanse confundindo as cousas, porque unha cousa é un acordo plenario, outra unha declaración de intencións e outra cousa son os expedientes administrativos. Se se confunden, por moi boas intencións que haxa polas dúas partes, non nos imos entender.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Mesmo se nos dixo que o informe de amortización de prazas está avalado polo secretario do Pleno, o Sr. Riesgo Boluda, pero que non se pode utilizar porque non é da súa área. Con todos estes datos fixémonos unha composición de lugar. Nós preguntamos por esa legalidade e o secretario, o Sr. Riesgo Boluda, fixo un informe avalándoo aínda que non se pode aplicar por cuestión de organización municipal, porque non é a súa área e porque non lle competía, pero nese informe nos xixeron trasladar que era legal e nós o crimos.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): No Concello hai varios departamentos e cada un deles ten a súa responsabilidade. En ocasións podemos equivocármolos sen malas intencións, nin mentiras, sinxelamente non se estaba facendo ben. Houbo acordos históricos que logo tiveron informe desfavorable de RR HH; é mellor para todos evitar esa situación.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): *Lembra que* ademais se acordou a retroactividade, pero semella que todo foi unha ilusión.

SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO): Puntualiza que a retroactividade, á marxe doutras cuestións, ten unha serie de límites xurídicos.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Nunha anterior Mesa o interventor nos dixo textualmente: *"excepcionalmente se poderá outorgar eficacia retroactiva aos actos cando se diten en situación de actos anulados, sempre que produzan efectos favorables aos interesados sempre que os supostos de feito necesarios existiran xa á data..."*. Con esta situación, a Presidencia daquela dixo que a seguía mantendo. Era un punto no que non se podía pero se recolleu o compromiso.

SRA. DAPENA GÓMEZ (RR HH): O fácil tería sido que o primeiro trámite fose un informe desfavorable, e non estar intentando dar viabilidade ao expediente. Solicitáronse informes aos servizos sobre a viabilidade desa amortización e cando se analizou o grave impacto na organización apuntou ás dificultades de recorrer a esa implementación práctica. A base de todo acordo retributivo debe ser a análise das disfuncións do posto de traballo, alteración do contido funcional, que xustifiquen a modificación das condicións retributivas. Indican

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 08/08/2019-Expte. 34455/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2019 13:22

Páxina 9 de 11

Expediente 34455/220

CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

Expte. 34455/220

que intentan traballar con lealdade institucional e que en canto á retroactividade, pola súa parte tamén pediu a palabra para dicir que tal e como está na LPAC se aplicará ou non, que habería que estudar e analizar para determinar se se retrotraen os actos ou non en función da concorrencia dos supostos legalmente establecidos.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Informa de que convocarase outra reunión. Tentou resumir para abrir rolda de preguntas pero se consumiu o tempo noutros temas.

SRA. COUSIÑO SENDÍN (CC OO): Toma a palabra para indicar que sería bo crear unha praza de técnico/a de Prevención, xa que hai un informe de Inspección de Trballo que sinala que deberían ser 5 dada a cantidade de persoal e de servizos que hai no Concello, e só hai 2 prazas.

SR. RIOBÓ VEIGA (CC OO): Hai 311 prazas vacantes, imaxina que incluídas as convocadas, descontando as de policía e outras, pregunta cantas, pode haber en total.

SR. FERNÁNDEZ CARPINTERO (RR HH): Responde que poderían ser sobre 80-90, pero que o terán que ver e facilitarán os datos.

SRA. DEL CASTILLO FERNÁNDEZ-PACHECO (CIG): Pregunta se no Capítulo II hai unha partida para a privatización de pabellóns deportivos. O Concello non amortizou ningunha praza co que no Cap I se siguen mantendo, pero sí se limitou a taxa de reposición de efectivos e hai que buscar fórmulas que garantan a apertura das instalacións deportivas.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Hai unha solicitude de aumento de prazas por parte da Concellería, ao redor de 16, pero aínda non houbo tempo para examinar este asunto. Tamén informaremos.

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Pregunta como afecta o traspaso de prazas da XMU.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Explica que dita modificación realízase a efectos contables, pois se tiñan que facer transferencias de salarios e Seguridade Social; trátase de normalizar esta situación. A efectos laborais no ten repercusión.

SRA. ÁMEZ MURAS (UXT): 80 Indica que algunha repercusión si que tivo, xa que na Xerencia non se está cobrando o Fondo de adecuación polo persoal administrativo.

SRA. DAPENA GÓMEZ (RR HH): Integrananse esas prazas na RPT da XMU, quedan en situación de servizos noutra administración, por aplicación da lei declárase automaticamente sen necesidade de solicitude. Non obstante, se queren participar en procesos de convocatoria do Concello xa equivale ao reingreso.

SR. MONTEMUIÑOS SANTOS (UXT): Explica que lles gustaría ver o informe xurídico que avala ese traspaso, pero tamén que non saben que dicirlles aos traballadores que teñen dúbidas, non poden asumir esa responsabilidade sin máis información.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Na XMU existen informes do traspaso do persoal do Concello á Xerencia.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 08/08/2019-Expte. 34455/220



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/10/2019 13:22	Páxina 10 de 11
Expediente 34455/220	CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Expte. 34455/220

SR. MARTÍNEZ PAMPILLÓN (COMITÉ): Pregunta se vai ser obrigatorio aínda que se queira seguir sendo persoal do Concello. Eles trasladan aos sindicatos que teñen dúbidas sobre como quedarían nesta situación, o Comité non ten inconveniente, pero por se hai algún traballador desconforme teñen que tomar todas as garantías.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Pediranse as actas da Xerencia.

SRA. DAPENA GÓMEZ (RR HH): Así se fixo xa noutras ocasións, tanto coa XMU como con outros OO AA.

SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO): O Concello está computando uns gastos do Capítulo I que non son de seu, e a Xerencia ten un cadro de persoal con menor custe do que lle corresponde e, como non son parte da súa RPT, non pode adoptar acordos de xestión en torno á mesma. Haberá que estudar a fórmula. O Consello de Contas xa advertiu que hai unha disfunción de custes.

SR. FERNÁNDEZ VICENTE (CSIF): Por outra banda, comenta que existe un acordo administración/sindicatos con respecto ás retribucións que é do 2,50%, e non do 2,46%.

SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO): A aplicación das retribucións do ano 2020 non está aprobada. O acordo tense que transformar en norma, o que hai fixo é o 2%, e un 1% validable en función do cumprimento de obxectivos, ademais se aplicaríase á metade de ano, con devengo a 1 de xuño, co cálculo do PIB 2019, sobre a base dunha estimación do 2,2 ou 2,3% e así se recolle no Acordo regulador.

SR. FERNÁNDEZ VICENTE (CSIF): A previsión es un 2,4 e sobre ela subida é do 2,80, si se cumpre el obxectivo de déficit do 2020, case a un 3,85% cumprindo todos os obxectivos. No nome do CSIF solicita que se cumpra e que quede constancia.

SR. GARCÍA ÁLVAREZ (TESOUREIRO): O Capítulo I ten a marxe de todos os postos que quedan asociados a prazas non incluídas na OEP, pero indica que canto máis se amortice menos marxe haberá para outras cousas dentro dese Capítulo I.

A PRESIDENCIA (SRA. ESPINOSA MANGANA): Empraza aos presentes para unha próxima convocatoria o 3 de setembro coa finalidade de seguir co tratamento dos orzamentos.

E sen máis asuntos que tratar remata a reunión da Mexa Xeral de Negociación Colectiva, sesión extraordinaria do oito de agosto do ano dous mil dezanove, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos. Do que eu, secretaria, dou fe, co visto e prace da Presidenta, concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal.

CCA/rs.

Data e sinatura dixital.

A SECRETARIA-M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA.

V^o e Pr.: PRESIDENTA-ELENA ESPINOSA MANGANA.

Mesa Xeral de Negociación-Sesión extraordinaria 08/08/2019-Expte. 34455/220



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 07/10/2019 13:22

Páxina 11 de 11

Expediente 34455/220

CSV: 27E1CA-5245BF-555CE4-PQDN5H-UTFW9M-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>